



CIRCULAR 69-2020.

VII CONTROL INVERNO FGA PISTA CUBERTA

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1). A Federación Galega de Atletismo organiza o VII Control en Pista Cuberta o día 19 de decembro de 2020, na pista cuberta de Ourense en Expourense.

Art.2). Horario Provisional, a falta do peche de inscricións.

VII CONTROL INVERNO XORNADA DE MAÑÁ		
HORA	CARREIRA	SEXO
12:54	60 m.l. dende Sub 16	Homes
13:02	60 m.l. dende Sub 16	Homes
13:10	60 m.l. dende Sub 16	Homes
13:18	60 m.l. dende Sub 16	Homes
13:26	60 m.l. dende Sub 16	Homes
13:34	60 m.l. dende Sub 16	Homes
13:42	60 m.l. dende Sub 16	Mulleres
13:50	60 m.l. dende Sub 16	Mulleres
13:58	60 m.l. dende Sub 16	Mulleres
14:06	60 m.l. dende Sub 16	Mulleres
14:14	60 m.l. dende Sub 16	Mulleres
14:22	60 m.l. dende Sub 16	Mulleres
VII CONTROL INVERNO XORNADA DE TARDE		
16:45	60 m.v. dende Sub 16	Homes
16:53	60 m.v. dende Sub 16	Homes
17:01	60 m.v. dende Sub 16	Homes
17:09	60 m.v. dende Sub 16	Mulleres
17:17	60 m.v. dende Sub 16	Mulleres
17:25	60 m.v. dende Sub 16	Mulleres
20:13	200 dende Sub 18	Mulleres
20:21	200 dende Sub 18	Mulleres
20:29	200 dende Sub 18	Mulleres
20:37	200 dende Sub 18	Homes
20:45	200 dende Sub 18	Homes
20:53	200 dende Sub 18	Homes

No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas, conforme ás tempadas 2018-2019 e 2020 na proba específica. Entre aqueles/as atletas inscritos/as sen marca, terán preferencia segundo a orde de inscrición.

Art.3). Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas. Sendo imprescindible entregar na retirada a folla de Declaración Responsable.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.4). Poderán participar todos/as os/as atletas federados/as que se atopen en calquera das seguintes condicións:

- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo, que teñan fichado ó longo da tempada actual (2020) por algún Club pertencente a Galicia.
- Atletas con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertencen a clubs doutras Comunidades Autónomas ó longo da tempada actual (2020)

Art.5). As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes 15 de decembro. Existirá unha cota de inscrición de 4 Euros por atleta.

Pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente. Neste tempo tamén poderán facerse inscricións fora de prazo o que leva unha multa de 3 € por participante ata o xoves 17 de decembro ás 12:00 e sempre coa autorización da (direcciontecnica@atletismo.gal) e a dispoñibilidade de prazas libres.

Art.6). Na proba do 200 faranse 3 series en homes e 3 series en mulleres. O reparto das rúas será: as rúas 5 e 6 sortearanse entre as 6 mellores marcas, as 4 e 3 entre as 6 seguintes marcas e a rúa 2 entre as 3 derradeiras marcas, a rúa 1 quedará baleira.

Nas probas de 60 m.l. e 60 m.v. correrán xuntas as mellores marcas.

Art.7). A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Control a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a e por proba, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.8). Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.9). Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.10). Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 13 de decembro de 2020